



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución conxunta do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 08/10), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES alumnos**, dos **CATRO** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 16 de novembro ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os alumnos/as que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 5 de novembro ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos que non se presenten como candidatos/as, o día 15 de novembro, ás 12:35 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 16 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 23 de novembro, de 10:25 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **DOUS nomes** dos



candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do

D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos, 3 de novembro de 2021



O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Francisco Javier González Illanes